

## CONCURSO LOGOTIPO PARA OMIX DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN

O Concello de Pazos de Borbén, convoca un concurso para seleccionar un logotipo identificador da Oficina Municipal de Información a Xuventude. Este concurso rexerase polas seguintes:

### **BASES**

1.-Requisitos dos participantes:

- ✓ Todas as persoas físicas de idades entre 12 e 25 anos, ámbolos dous incluídos, que o desexen.
- ✓ Deberán estar empadroadas no Concello de Pazos de Borbén.
- ✓ Estar en poder do Carné Xove en vigor.

2.-Os traballos consistirán na presentación por duplicado, dun Logotipo para OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN A XUVENTUDE (OMIX) DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN debendo figurar de maneira visible a seguinte rotulación: **OMIX DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN**.

3.-. Cada participante poderá presentar un só traballo, orixinal inédito e que non fose premiado anteriormente noutros certames.

4.-A entrega dos traballos farase en dous sobres cerrados identificados con unseudónimo que conterán:

Sobre 1: incluirá o traballo en formato papel, tamaño A4 (folio) ou ben en CD e cunha breve explicación do significado do mesmo.

Sobre 2: incluirá a identificación completa da persoa participante, nome, apelidos, dirección, D.N.I., e teléfono de contacto da persoa autora do logotipo e a fotocopia do carné xove en vigor.

6.-Os orixinais poderán realizarse por calquera técnica, tendo en conta que a súa reprodución en artes gráficas non ofrezca dificultades.

7.-Establécese un único premio de unha PSP (PLAY STATION PORTATIL), quedando a obra orixinal premiada en propiedade deste Concello, quen se reserva todos os dereitos sobre o mesmo, polo que queda autorizado a reprodución do traballo. Todos os participantes recibirán un agasallo por participar na actividade.

8.-Os traballos (dous sobres) deberán ser entregados no Rexistro Xeral do Concello de Pazos de Borbén, entre o día 11 e o día 25 de febreiro de 2008 (ámbolos dous incluídos), ata as 13:00h.

9.-O logotipo gañador será elixido por un Xurado que estará composto polas seguintes persoas:

- Alcalde-Presidente do Concello de Pazos de Borbén.
- Concelleiro de Cultura do Excmo. Concello de Pazos de Borbén.
- Concelleiro Municipal de Deportes do Excmo. Concello de Pazos de Borbén.
- Encargado da Oficina Municipal de Información a Xuvntude do Excmo. Concello de Pazos de Borbén.

10.-Os traballos presentados, que reúnan os requisitos esixidos, realizarase unha exposición no Concello dende o 3 ata o 10 de marzo de 2008. O día 10 de marzo as 15:45h darase a coñecer en un acto público a obra premiada e farase entrega do premio ao gañador do concurso.

11.-O xurado poderá declarar deserto este concurso, si se estima que ningún dos traballos reúne a calidade necesaria para representar esta oficina, podendo este Xurado decidir sobre algo non especificado nestas bases.

12.-Os/as autores/as dos traballos non premiados poderán pasar a retirar as súas obras no prazo de 15 días a partir da finalización da exposición, mediante a presentación da copia da inscrición. Transcorrido dito prazo serán destruídos, sen que se admita recurso algún sobre esta resolución.

13.-O mero feito da presentación dos traballos supón para os/as concursantes o coñecemento e aceptación das presentes bases e decisións do Xurado.

En Pazos de Borbén, a 8 de febreiro de 2008.

O ALCALDE-PRESIDENTE  
Asdo.: Andrés Iglesias Rodríguez